

## INTRODUCCIÓN AO RECURSO XOGO DE CARTAS

O xogo de científicas é un xogo baseado nas dinámicas e mecánicas do xogo orixinal coñecido como “virus”. As cartas foron realizadas no curso 2022-2023 polo alumnado do IES Martaguisela, coordinado polos seguintes docentes: Sabela Domínguez López (Departamento de Bioloxía e Xeoloxía); Iago Nóvoa Gómez (Departamento de Filosofía); Ana Suárez Gamarra e Marcos Pumar Losada (Departamento de Matemáticas); Sabela Quiroga Fernández (Departamento de Física e Química). Finalmente, as cartas foron maquetadas polo deseñador gráfico Markus Lista Vila.



Ademais do documento coas cartas realizadas polo alumnado, incorporamos outro coas regras do xogo e o documento que se lle proporcionou ao alumnado coas pautas xerais para a realización das cartas, así como a páxina web desde a que podían deseñalas. Estas pautas poden ser adaptadas para a realización doutro xogo ou con outra temática.

Por outra banda, a docente Ana María Quiroga Rodríguez empregou este recurso cos seus titorandos, que tamén realizaron unha baralla para concienciar o alumnado sobre os principais efectos do tabaco.

